

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
PONTEVEDRA

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA CONTRIBUCIÓN ESPECIAL POLA AMPLIACIÓN E MELLORA DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (INVESTIMENTOS 2019-2026)

Ordenanza fiscal reguladora da contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios.

Anuncio de elevación a definitivo do acordo de aprobación provisional

O Pleno deste Concello, na sesión ordinaria de 30.09.2019, aprobou provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora da contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios.

Publicáronse anuncios de exposición pública no taboleiro de edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia (BOP 196 de 11.10.2019) e en La Voz de Galicia de 11.10.2019, non presentándose reclamacións durante o prazo conferido ao efecto, polo que se entende elevada a definitiva a aprobación provisional da ordenanza, tal e como se sinalaba no anuncio previo de exposición pública. Isto de conformidade co artigo 17.3 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo.

Polo tanto, segundo o disposto no artigo 17.4 do indicado texto refundido, procédese á publicación do acordo elevado a definitivo e do texto íntegro da ordenanza fiscal definitivamente aprobada para a súa entrada en vigor.

Así mesmo o texto íntegro da ordenanza publicarase no apartado “normativa municipal” do menú “transparencia” da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 19/2013, en relación ao artigo 5.4 da mesma.

A parte dispositiva do acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de 30.09.2019, é do seguinte teor literal:

“O Pleno do Concello, por maioría, presta a súa aprobación á proposta do concelleiro de goberno delegado de área de Economía e Facenda e, en consecuencia, acorda:

Primeiro.—Acordar derogación da ordenanza fiscal reguladora da contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios (Investimentos 2014).

Segundo.—Acordar a imposición contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios (Investimentos 2020-2026)



Luns, 2 de decembro de 2019

Núm. 231

Terceiro.—Acordar a ordenación da contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios (Investimentos 2020-2026).

Cuarto.—Aprobar provisionalmente a “Ordenanza fiscal reguladora da contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios” (Investimentos 2020-2026), cuxo texto figura incluído na proposta do concelleiro delegado da área de Economía e Facenda (CSV: QHGKPTOMD2HWSJ4P).

Quinto.—De conformidade co disposto no artigo 17.1 do Texto refundido la lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o presente acordo de aprobación provisional, exporase ao público no taboleiro de anuncios deste Concello durante 30 días hábiles, publicándose no Boletín oficial da provincia o anuncio da exposición pública, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente, e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Tamén se publicará nun periódico dos de maior circulación da provincia o anuncio de exposición pública. Aínda que se dá publicidade en tres medios, o prazo de 30 días contará a partir da publicación no Boletín oficial da provincia.

Sexto.—Considerar definitivamente aprobadas estas Ordenanzas, no caso de que non se presentasen reclamacións no prazo establecido para elo.

Sétimo.—Proceder, unha vez se aprobe definitivamente a ordenanza, á publicación íntegra do acordo de ordenación, así como do texto íntegro da ordenanza no Boletín oficial da provincia, para os efectos da súa entrada en vigor.”

O texto íntegro da ordenanza fiscal definitivamente aprobada é o que a continuación se transcribe:

**“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA CONTRIBUCIÓN ESPECIAL
POLA AMPLIACIÓN E MELLORA DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.
(INVESTIMENTOS 2020-2026)**

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e máis o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 28 a 36 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como a Ordenanza fiscal xeral reguladora da contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios, imponse e ordénase polo Concello de Pontevedra a contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios nos termos que seguen.

Na tramitación da mesma verifícanse os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, conforme aos que debe actuar esta Administración no exercicio da súa potestade regulamentaria. Cúmprense os principios de necesidade e eficacia, xa que están claramente

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WJDCPQBZHUB78Q18



Luns, 2 de decembro de 2019

Núm. 231

identificados os fins perseguidos e existen razóns de interés xeral que a xustifican, tales son a garantía do equilibrio orzamentario e da xustiza tributaria. A norma é acorde cos principios de proporcionalidade e seguridade xurídica posto que regula de xeito claro os aspectos imprescindibles para poder establecer e despois xestionar o tributo. Finalmente, queda garantido o principio de transparencia por terse realizado consulta na web municipal aberta a todos os interesados (sen prexuízo do tramite de alegacións que tras a súa aprobación provisional se efectuará seguindo as normas do Texto refundido da lei de facendas locais) e cumpre co principio de eficiencia.

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta contribución especial, a obtención polos suxeitos pasivos dun beneficio como consecuencia da ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios do concello de Pontevedra.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos desta contribución especial as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, especialmente beneficiadas pola ampliación do servizo de extinción de incendios do concello de Pontevedra.

2. Considéranse persoas especialmente beneficiadas as compañías de seguros que desenvolven a súa actividade no ramo, no termo municipal de Pontevedra.

ARTIGO 3. BASE IMPOÑIBLE

A base imponible desta contribución especial está constituída polo 90 % do custo que o Concello de Pontevedra soporte pola ampliación ou mellora do servizo municipal de extinción de incendios.

A base imponible cuantifícase en 1.774.800,00 euros (un millón setecentos setenta e catro mil oitocentos euros), de acordo co proxecto de gasto aprobado e que ascende a 1.972.000,00 euros.

O dito custo ten carácter de mera previsión. Se o custo real, unha vez executada a ampliación, fose maior ou menor do previsto, tomarase aquel a efectos do cálculo das cotas tributarias correspondentes.

ARTIGO 4. COTAS TRIBUTARIAS

A base imponible desta contribución especial distribuirase entre as entidades e sociedades que cubran o risco por bens sitos no concello de Pontevedra, proporcionalmente ao importe das primas recadadas no ano inmediatamente anterior.

Se a cota esixible a cada suxeito pasivo fose superior ao cinco por cento do importe das primas recadadas por este, o exceso trasladarase aos exercicios sucesivos ata a súa total amortización.



Luns, 2 de decembro de 2019

Núm. 231

ARTIGO 5. DEVENGO

Esta contribución especial devengarase cando se inicie a prestación do servizo ampliado.

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN E RECADACIÓN

Para a xestión e recadación da contribución especial, estarase o disposto no convenio que esté vixente suscrito polo Concello de Pontevedra coa "Gestora de concertos para la contribución a los servicios de extinción de incendios-AIE".

ARTIGO 7. NORMAS SUPLETORIAS

No non previsto nesta ordenanza, estarase ao disposto polo Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a Ordenanza fiscal xeral reguladora da contribución especial pola ampliación e mellora do servizo de extinción de incendios do Concello de Pontevedra e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da provincia e permanecerá en vigor ata a desaparición do obxecto da mesma ou a súa derogación expresa."

RECURSOS PROCEDENTES:

Contra a aprobación definitiva da modificación da ordenanza, poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do T.S.X. de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (arts 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno e das súas Comisións.

Pontevedra, ao día da sinatura

O Secretario

